



BEATUS QUI LEGIT

**Xesús Alonso
Montero**

Platón, Erasmo e Kant, na prisión de Compostela

NON SE sabía, pero hoxe sabémolo, con detalle e precisión, mercé a un magnífico e moi ben documentado libro de Luís Lamela García, bancario coruñés que lles rouba horas ao sono e á familia para ofrecernos desde hai anos rigorosas investigacións históricas que honran a mellor das coleccións de Edicións do Castro. Nese libro explícanse por primeira vez as circunstancias e as senrazóns que levaron á cadea, en Santiago de Compostela, a Kant, Erasmo de Rotterdam e a Platón.

«Platón» era, na masonería compostelá, na loxia Libredón, o nome simbólico de Laureano Santiso Girón; «Erasmo», na loxia Agarimo, o de Fernando Barros Pumariño, e «Kant», o de Vicente Varela Radío, da mesma loxia de Santiso Girón. Léase, no recente libro de Luís Lamela, 1936, *la «cruzada» en Compostela. La Guerra Civil y la represión franquista en los documentos policiales y militares*, o capítulo titulado «La persecución de los masones compostelanos», onde, cos datos dos arquivos, fálase da vida e dos infortunios de 19 masóns santiagueses. Figura, nese capítulo, Arturo Cuadrado, Rodrigo-Patricio García Rey e Xesús San Luís Romero, aos que cheguei a coñecer. San Luís Romero, o dramaturgo zapateiro, utilizaba o nome simbólico de «Xorxe», e Rodrigo García, varón bondadoso a quen tratei en Santiago en 1957, o de «Aquiles». A Arturo Cuadrado, vencellado no exilio a semiheroicas empresas editoriais, tiven ocasión de coñecerlo e de estimalo, en Buenos Aires, no verán de 1969. Doutras masóns fálase noutras páxinas, por exemplo, de Camilo Díaz, «paseado» en agosto de 1936.

Consolídase en min a idea que teño desde hai moito tempo: que varóns moi nobres e intelectuais comprometidos coa causa da xustiza pertenceron en Galicia á masonería, universo moral no que militaron, entre os escritores galegos, Manuel Curros Enríquez, autor de versos que foron espada de rendición, e Manuel Leiras Pulpeiro, poeta fraterno e médico dos pobres, ademais do seu benefactor.

O libro de Luís Lamela García que suscita estas consideracións contén outros capítulos, un deles especialmente valiosa, o dedicado ás vítimas da represión, moi documentado, por outra parte. De Francisco Barcia Beiras (1885-1938) conta que, camiño do paredón, ao pasar pola rúa das Hortas, onde vivía a súa muller, berrou: «¡Adiós, Matilde, adiós! ¡Viva la libertad!». De Modesto Pasín Noya (1903-1936) reproduce unha carta conmovedora á súa familia que finaliza: «¡Salud, padres y hermanos! ¡Viva la Revolución! ¡Viva el Partido Comunista!».